

VICENTE RISCO XORNALISTA

(Alejandro López Outeiriño)

Lembro que no xantar que me ofreceron cando a miña xubilación, no discurso que pronunciei na sobremesa, dixen, e a memoria non me engana, *tiven a sorte de coñecer o periodismo gracias a don Vicente Risco e a don Ricardo Outeiriño*. Para alguén que, coma min, no ano 1941 encetaba a súa andaina profesional no mundo do xornalismo, contar coa presenza dun mestre como don Vicente, foi todo un privilexio. Era un mestre do xornalismo sen que el se o propuxera. Podías consultarlle sobre os temas máis dispares que sempre tiña algo que ofrecer. Non soamente a min, senón que a todos sacou nalgunha ocasión de apuros. Estando carón del aprendías. Foi un privilexio, repito, traballar con don Vicente; como tamén o foi contar con compañeiros como Isidoro Guede, Julio Jimeno, Angel Huete, Segundo Alvarado, Álvarez, Luís Padrón, todos, coma min, ferventes discípulos e admiradores do vello mestre.

Eu coincidín con don Vicente en *La Región* en dúas etapas diferentes. Cando eu cheguei, xa dixen que no ano 1941, don

Vicente estaba como redactor de plantilla. Posto que deixou cando a súa aventura madrileña no 1945. Cando regresou a Ourense continuou a súa colaboración co xornal, mais xa non como redactor senón como colaborador fixo. Lembro que nesa etapa non cobraba por artigo, nin por palabra. Cobraba por milímetros escritos!. O encargado collía unha regra e medía o artigo pagando en razón da súa lonxitude.

Era un escritor moi pulcro. Chegaba á redacción, a calquera hora da mañá, cortaba os folios meticulosamente, collía a estilográfica e puñase a escribir. O relato saía cunha gran fluidez. Mais non deixaba nada á improvisación, tiña todo meditado. Era capaz de interrompirla o escrito para intervir nunha conversa e, ao concluír esta, seguía co que estaba a escribir sen necesidade de retomar a trama dende o seu inicio.

Don Vicente era o xornalista polivalente, prefiro esta palabra para definilo e non a de polifacético. Tocaba moitos temas e con gran autoridade. Ao longo dos anos nos que estivo vencellado a *La Región* desempeñou diversas ocupacións. Editorialista por encargo do director, especialmente cando había que tomar posición en

defensa do catolicismo ou facer algún comentario nunha festividade ou data destacada, ou en calquera compromiso no que o periódico tivese que tomar posición (por suposto nos límites que se podía na altura) Era un gran reporteiro; aínda sen recorrer ás técnicas propias da investigación xornalística, as súas reportaxes adquirían vida propia acadando unha dimensión que trascendía o meramente xornalístico. Lembro aquelas reportaxes retrospectivas das Festas do Corpus dos anos vinte. Sen a penas consultar os arquivos, don Vicente enchía unha páxina enteira do xornal – tipo sábana – coas súas lembranzas dos festexos de entón: as atraccións do *Barriga Verde*, a muller barbuda, as sesións do circo, etc.

Como articulista era capaz de tocar todos os temas cunha gran facilidade. Era un gran crítico literario, sempre que había que facer unha reseña dun libro de certo calado e profundidade intelectual, o responsable era don Vicente. Menos a crónica deportiva facía calquera cousa que se lle encargara. E non fixo crónica deportiva por que non se lle ocorreu.

Alén da súa gran sabiduría e amplos e diversos coñecementos nas materias máis dispares, tiña a virtude de ser un gran

comunicador, chegando a calquera lector por moi elemental que fosen os coñecementos do receptor do seu artigo. Até os temas máis complicados os trataba con esquisita sencillez e sen perder o rigor que el mesmo se esixía. Tiña unha gran fluidez narrativa, sendo capaz de facer grandes os temas que en principio semellaban liviáns e intrascendentes. E niso tiña moito que ver as súas grandes dotes de observador, a súa curiosidade polas cousas máis insignificantes. Lembro que na redacción había un reloxo que funcionaba mal, traianos a todos tolos, e don Vicente foi quen de inmortalizalo co fermosísimo artigo “El collar de las horas” na serie *El libro de las horas*. Dende entón, o reloxo xa non foi o mesmo.

Nos seus innumerables artigos deixou constancia da vida da cidade. E, en certo modo, a cidade era vista segundo os ollos de don Vicente. Series como *Orense Perdurable*, título que se lle ocorrera a don Angel Huete a unha proposta de Vicente Risco e Pepe Conde Corbal, nos que rescataron do esquecemento espazos inmortais desta cidade.

Mais para min, e creo que para a práctica totalidade dos lectores, *El libro de las horas* foi o mellor legado que Risco, don

Vicente, deixou ao xornalismo. Era unha sección fixa na primeira páxina, a única sección fixa, na que trataba todo tipo de temas. Tivo unha gran acollida entre o público, que ficaba decepcionado se un día non aparecía un artigo de don Vicente. Artigos que, en ocasións, acompañaba dos seus propios debuxos para ilustralos. Nesta serie cómpre salientar a súa fluída, a naturalidade con que aborda os distintos temas, o humor sano e o seu gusto pola vida. Temas que non lle eran impostos pola redacción, como podería acontecer con algunha editorial, senón que xurdía das cousas que observaba na rúa ou que lle suxería unha conversa calquera.

En fin, foi Vicente Risco un dos grandes do xornalismo, unha figura irrepitible no xornalismo ourensán. Eu non coñecín ninguén coma el en cáseque medio século de actividade profesional.

FUNDACIÓN
VICENTE RISCO